

**REGULAMENTO DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN DE PROCESOS
E PRÁCTICAS CULTURAIS EMERXENTES (CIPPCE) DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
(Aprobado en Consello de Goberno o 25 de marzo de 2010)

TÍTULO I: MARCO E OBXECTIVOS

Artigo 1º

Natureza e denominación

O Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes (CIPPCE) constitúese como centro propio da Universidade de Santiago de Compostela (USC) dedicado ao estudo científico dos fenómenos de emerxencia literaria, ou en xeral artístico-literaria, e dos procesos culturais e disciplinares emerxentes. A prioridade do CIPPCE será a emerxencia literaria e cultural no mundo actual, malia o cal non se exclúen investigacións referidas a etapas históricas anteriores.

Artigo 2º

Ámbito de actuación

O CIPPCE atenderá e promoverá estudos e debates sobre procesos de emerxencia literaria ou cultural en ámbitos territoriais e lingüísticos non restrinxidos, polo que o seu marco de investigacións abrangue coordenadas abertas, entre o local e o global, que poderán referirse a manifestacións específicas de carácter nacional ou internacional, ou tamén a prácticas culturais asociadas a comunidades, a colectivos ou a axentes individuais.

Artigo 3º

Obxectivos

O CIPPCE márcase como obxectivos fundamentais os seguintes:

- a) Promover o estudo científico das novas prácticas, repertorios, formas, usos e suxeitos literarios, artísticos e culturais.
- b) Impulsar a investigación sobre manifestacións literarias, artísticas e culturais procedentes de marcos territoriais e culturais aos que tradicionalmente se adxudica unha visibilidade, unha representatividade ou unha lexitimidade insuficientes, e, neste sentido, ser centro de referencia na USC para a canalización de propostas relacionadas co estudo da emerxencia cultural e para o fomento das relacións académicas e de investigación con outros centros dedicados a obxectivos converxentes cos aquí detallados.
- c) Analizar fenómenos vinculados coa hibridación cultural, así como en xeral os relativos a procesos de colonización, inmigración, diáspora, exilio e outras circunstancias históricas e políticas determinantes de dinámicas de interacción cultural en situación de desigualdade.
- d) Investigar núcleos de problemas adoito desatendidos na programación das titulacións universitarias tradicionalmente vinculadas ao espazo académico das Humanidades e das Ciencias Sociais. Entre outros, os seguintes: identidade cultural, etnicidade, poscolonialidade, cultura de masas, emerxencia e canonicidade, exclusión cultural e subalternidade, oralidade, posxenericidade e posliteratura, cibercultura, a cultura dos novos medios, literacidade e criticidade, comparatismo cultural, escrituras non lineais, escrituras transversais (entre literatura, cinema, televisión, banda deseñada, performance...), ideoloxía e espazos culturais, imaxinarios sociais, estudos visuais ou novas prácticas teatrais.
- e) Abrir horizontes na investigación interdisciplinar dos fenómenos e procesos emerxentes, incorporando puntos de vista antropolóxicos, psicolóxicos, de xénero, xeoculturais, sociolóxicos, estéticos, mediáticos, políticos, económicos, tecnolóxicos ou xurídicos, entre outros.

- f) Habilitar un espazo de reflexión teórica, heurística e metodolóxica correlativo á delimitación dos obxectivos anteriores.
- g) Explorar vías de aplicación e integración curricular dos obxectos de estudo detallados e do seu mellor rendemento didáctico e divulgativo, con atención aos ámbitos universitario e do ensino secundario.
- h) Informar e prestar asesoramento científico a institucións públicas ou privadas, así como a persoas físicas ou xurídicas, sobre aspectos relacionados coa emerxencia artístico-literaria e cos procesos de emerxencia cultural, tanto nunha dimensión planificadora xeral coma no relativo á organización de mostras, publicacións, exposicións, festivais e outros eventos artísticos e culturais.
- i) Desenvolver e programar actividades docentes de posgrao e de formación continua no marco académico da USC.
- k) Promover a organización de debates, seminarios, simposios, congresos e reunións científicas relacionadas coa natureza e funcións do centro.
- l) Impulsar publicacións científicas en diverso formato vinculadas cos ámbitos de especialización do Centro.
- m) Crear un fondo documental específico de carácter bibliográfico, hemerográfico e audiovisual que acolla os materiais de traballo e a produción investigadora propia. O Centro facultará o acceso telemático a ese fondo a través da súa páxina web.

Artigo 4º

Relacións de colaboración

Conforme ás normas vixentes para a formalización de convenios, e tendo en conta a súa natureza transdisciplinar, o CIPPCE poderá establecer relacións de colaboración e promover actividades de intercambio con outros institutos, departamentos e centros da USC. Os posibles convenios externos con outras

universidades, institucións e organismos públicos serán xestionados de xeito obrigado pola USC.

Artigo 5º

Réxime

Sen prexuízo da aplicación das normas xerais de carácter administrativo, o CIPPCE rexerese polo disposto na *Lei Orgánica 6/2001 de Universidades* de 21 de decembro e a modificación desta pola *Lei Orgánica 4/2007* de 12 de abril, así como polos *Estatutos* da USC aprobados polo Decreto 28/2004 de 22 de xaneiro da Xunta de Galicia, polo *Regulamento de creación e funcionamento dos centros propios da USC* e mais polo presente *Regulamento*.

TÍTULO II: ÓRGANOS DE GOBERNO E SEDE

Artigo 6º

Órganos de goberno

Os órganos de goberno do CIPPCE son:

- a) A Xunta de Centro.
- b) O/A Director/a do Centro.
- c) O/A Secretario do Centro.

Artigo 7º

A Xunta de Centro

1. A Xunta de Centro estará composta por:

- a) O/A Director/a do Centro, que a convocará e presidirá.
- b) O/A Secretario/a do Centro, que intervirá así mesmo como secretario/a da Xunta.
- c) Un/ha representante do Consello de Goberno da USC nomeado polo Reitor/a.

- d) Unha representación dos grupos de investigación integrados no Centro a razón dun representante por cada conxunto de entre un e cinco membros.
- e) Os membros honorarios, colaboradores, asociados e de pleno dereito aos que fan referencia os artigos undécimo e duodécimo do presente *Regulamento*. A súa incorporación á Xunta de Centro farase consonte as pautas marcadas neses mesmos artigos.

2. Serán funcións da Xunta de Centro:

- a) Elixir ao Director/a do Centro e propor o seu nomeamento ao Reitor/a. No seu caso, tamén propondrá ao Reitor/a a remoción do Director/a mediante acordo adoptado por un total de dous terzos dos seus membros.
- b) Aprobar a programación anual das actividades e do orzamento do Centro.
- c) Aprobar a memoria anual de actividades e a memoria económica, que serán remitidas no primeiro trimestre de cada ano ao Consello de Goberno da Universidade para a súa avaliación.
- d) Aprobar o ingreso de novos membros do persoal científico do CIPPCE ou o seu cesamento, para o cal será necesario o voto da maioría dos membros da Xunta de Centro.
- e) Propor ao Consello de Goberno da USC posibles modificacións do Regulamento do Centro.
- f) Emitir informes sobre os contratos do centro e dos seus profesores/as en liña co indicado no título V do vixente *Regulamento de creación e funcionamento dos centros propios da USC*.
- g) Aqueloutras funcións que establezan normas superiores en desenvolvemento dos Estatutos da USC.

3. Salvo casos específicos contemplados neste *Regulamento* que esixan outras maiorías, a Xunta adoptará acordos polo voto favorábel da metade máis un dos membros presentes.

4. Para a constitución válida da Xunta en primeira convocatoria será necesaria a presenza da metade máis un dos seus membros, debendo estar presentes o director/a e mais o secretario/a ou as persoas que os substitúan. Os membros da Xunta poderán participar nela por videoconferencia. De non alcanzarse quórum, a Xunta constituirase en segunda convocatoria media hora despois da sinalada para a

primeira, sempre que estean presentes a cuarta parte dos seus membros, incluídos director/a e secretario/a ou persoas que os substitúan. De persistir a falta de quórum terá que realizarse unha nova convocatoria da Xunta ou cando menos adiarse as posíbeis votacións.

5. A Xunta de Centro reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez ao ano. En sesión extraordinaria o/a Director/a procederá a convocar a Xunta por iniciativa propia ou se así o solicitaren por escrito como mínimo dous terzos dos seus membros. Os membros da Xunta serán convocados por correo electrónico alomenos con corenta e oito horas de antelación.

Artigo 8º

O/A Director/a

1. A dirección do CIPPCE recaerá nun dos seus membros que una a tal condición a de formar parte do persoal docente e investigador da USC co título de doutor/a e dedicación a tempo completo.

2. O/A Director/a será elixido/a en votación directa e secreta pola Xunta de Centro e será nomeado/a polo Reitor/a. Para ser director/a o candidato/a deberá obter a metade máis un dos votos dos membros da Xunta. A elección do primeiro/a director/a deberá ser efectiva antes de que pasen doce meses desde a aprobación da creación do Centro polo Consello de Goberno da USC. Entretanto, o posto será cuberto por un/ha director/a en funcións, adscrito ao persoal científico do Centro, que será nomeado/a polo Reitor/a.

3. O/A Director/a ocupará o cargo durante un período de tres anos, non podendo desempeñalo durante máis de dous mandatos consecutivos.

4. Corresponde ao Director/a do CIPPCE:

- a) Convocar e presidir as reunións da Xunta de Centro e executar os seus acordos.
- b) Representar ao Centro dentro do ámbito da súa competencia.
- c) Elaborar as propostas de programación e, no seu caso, orzamento.
- d) Redactar a memoria de actividades e a memoria económica.
- e) Nomear o/a Secretario/a do Centro.

- f) Dirixir e coordinar as actividades do Centro.
- g) Autorizar os gastos correspondentes ao orzamento anual.
- h) Aqueloutras funcións que poidan corresponder en aplicación das disposicións legais ou estatutarias.

5. En caso de ausencia, enfermidade ou vacante, desempeñará provisionalmente o posto de Director/a o membro de maior idade da Xunta de Centro que cumpra cos requisitos ordinarios esixidos para desempeñar as funcións de dirección.

Artigo 9º

O/A Secretario/a

1. O/A Secretario/a do CIPPCE será nomeado/a polo/a Director/a entre os membros da Xunta.

2. Corresponde ao Secretario/a do CIPPCE:

- a) Redactar as actas das sesións da Xunta.
- b) Custodiar os arquivos e o fondo documental do Centro.
- c) Expedir as certificacións oportunas no ámbito da súa competencia.
- d) Colaborar co Director/a nas súas funcións e substituílo/a en casos de ausencia.
- e) Coordinar os grupos de investigación do Centro.

3. En caso de ausencia, enfermidade ou vacante accidental, desempeñará provisionalmente o posto de Secretario/a o membro de menor idade da Xunta de Centro.

Artigo 10º

Sede

Sen prexuízo do que determine o Consello de Goberno da USC e en tanto non dispoña de sede propia estábel, o Centro localizarase nas dependencias da Facultade de Filoloxía, á que están adscritos cinco dos oito grupos de investigación promotores. As actividades do Centro poderán desenvolverse en todo caso en lugares diferentes ao especificado para a sede e en calquera dos campus da USC.

TÍTULO III: PERSOAL CIENTÍFICO

Artigo 11º

Membros do CIPPCE

1. O persoal científico do CIPPCE estará constituído por profesores/as, axudantes, contratados/as e bolseiros/as da USC que realicen ou teñan realizado investigación en ámbitos relacionados cos obxectivos e tarefas específicas do Centro.

2. Inicialmente, incorpóranse ao CIPPCE só os membros dos oito grupos de investigación promotores que o solicitaron de maneira expresa e que recibiron a autorización dos respectivos departamentos para dedicar parte da súa xornada investigadora aos labores propios do Centro. Os oito grupos de investigación promotores son os seguintes:

- GI-1162: *Grupo Compostela de Estudos sobre Imaxinarios Sociais.*
- GI-1172: *Rede de investigadores en demografía, historia económica e migracións.*
- GI-1371: *Teoría da literatura e Literatura comparada.*
- GI-1428: *Antropoloxía socio-cultural.*
- GI-1811: *Estudos dos sistemas culturais galego, luso, brasileiro e africanos de lingua portuguesa.*
- GI-1839: *Investigacións literarias, artísticas, interculturais e educativas. Lecturas textuais e visuais.*
- GI-1924: *Cuestións identitarias na literatura en lingua inglesa.*
- GI-1944: *Linguaxe, retórica e ideoloxía.*

3. Posteriormente á constitución formal do CIPPCE poderán adscribirse os membros do persoal investigador da USC que non formando parte dos grupos promotores manteñan liñas de investigación converxentes cos obxectivos do Centro. No seu caso, requirirase igualmente a autorización do departamento propio, nas mesmas condicións indicadas para os integrantes dos grupos promotores. A participación na Xunta de Centro destes membros non adscritos aos grupos promotores aterase ao disposto no punto terceiro do artigo décimo segundo.

4. Tamén poderán formar parte do CIPPCE, a título individual e en calidade de membro colaborador, os/as investigadores da USC ou doutros centros de investigación e os/as profesionais relacionados co ámbito competencial do Centro que colaboren nos seus proxectos e liñas de traballo. A consideración de membro colaborador alcánzase tras ser aprobada pola Xunta de Centro a proposta previa dun mínimo de dous membros. Os membros colaboradores poderán asistir ás reunións da Xunta de Centro, onde terán voz pero non voto.
5. A Xunta de Centro, por voto favorábel de dous terzos dos seus membros, poderá nomear membros honorarios entre as persoas que destaquen en calquera campo relacionado co ámbito de actuación do CIPPCE. Os membros honorarios poderán asistir ás reunións da Xunta de Centro, onde terán voz pero non voto.
6. A previsión de participación de estudantes posgraduados/as nas actividades do CIPPCE durante polo menos un curso académico outorgaralles de xeito directo a condición de membro asociado do Centro. Os membros asociados poderán nomear un representante nas reunións da Xunta de Centro, onde terá voz e voto.

Artigo 12º

Incorporación ou cese de membros

1. Previa petición formal dos interesados/as dirixida ao Director/a, poderanse incorporar ao CIPPCE como membros de pleno dereito os/as profesores/as, axudantes, contratados/as e bolseiros/as pertencentes a calquera área de coñecemento ou grupo de investigación da USC relacionados cos obxectivos do Centro. A incorporación, conforme ao artigo 7º, apartado 2.d, deste *Regulamento*, deberá ser aprobada por maioría pola Xunta de Centro. Os solicitantes, de acordo co establecido na normativa xeral da USC, deberán acompañar a súa petición dunha autorización previa do departamento ao que estean adscritos para desenvolver no CIPPCE unha parte da xornada investigadora que corresponda.
2. A decisión da Xunta de Centro sobre solicitudes de incorporación ao CIPPCE poderá ser recorrida perante o Consello de Goberno da USC.
3. A representación na Xunta de Centro dos membros do CIPPCE non adscritos a algún dos grupos de investigación promotores efectuarase de acordo coa pauta

seguinte: por cada núcleo de cinco novos membros incorporados será elixido un que participará na Xunta de Centro con voz e voto.

4. A condición de membro do CIPPCE perderase por renuncia individual presentada por escrito ao Director/a, quen de inmediato a comunicará á Xunta de Centro. Tamén se perderá a condición de membro do CIPPCE tras acordo razoado que nese sentido adopte a Xunta de Centro por maioría de dous terzos.

TÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 13º

Orzamento anual

A proposta do director, a Xunta de Centro aprobará un orzamento anual no que deberán constar ingresos e gastos. O orzamento será remitido para a súa avaliación durante o primeiro trimestre de cada ano ao Consello de Goberno da USC.

Artigo 14º

Ingresos

1. Sen prexuízo das cantidades que poidan proceder de asignacións excepcionais provenientes dos orzamentos da USC, o financiamento do Centro dependerá da obtención de recursos externos.

2. Os ingresos provirán de subvencións e achegas fornecidas por entidades públicas ou privadas, das taxas e dereitos económicos asociados a cursos e seminarios impartidos polo Centro, das cantidades que libremente se deriven de proxectos de investigación con definición próxima aos obxectivos do Centro nos que participe o seu persoal científico, das tarifas de informes ou contratos e doutras asignacións vinculadas á prestación de servizos, axudas ou doazóns.

Artigo 15º

Gastos

Os gastos do Centro deberán contar coa autorización do director de acordo co orzamento anual. A tramitación do expediente de gasto efectuarase segundo as normas xerais da USC.

Artigo 16º

Actuacións para terceiros

O CIPPCE e os seus membros a través do mesmo están facultados para contrataren con entidades públicas ou privadas e con persoas físicas a realización de traballos de carácter científico ou de asesoría, así como para desenvolver cursos de especialización e de reciclaxe profesional nas condicións que establece a lexislación vixente e os *Estatutos* da USC.

Artigo 17º

Bens inventariábeis

Os bens inventariábeis que poida adquirir o CIPPCE serán propiedade da USC, salvo que por convenio específico se estableza outro réxime sobre a súa titularidade.

TÍTULO V: REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 18º

As propostas de modificación do presente Regulamento competen á Xunta de Centro e serán acordes cos *Estatutos* da USC e co resto de normas de rango superior.

Artigo 19º

Calquera proposta de modificación do *Regulamento* deberá figurar na orde do día da pertinente convocatoria da Xunta de Centro, expresándose na mesma con claridade o artigo ou artigos que se propón reformar.

Artigo 20º

A proposta de modificación deberá ir avalada por un terzo dos membros da Xunta de Centro, e requerirá unha maioría de dous terzos dos membros do mesmo para a súa aprobación.

Artigo 21º

A reforma aprobada pola Xunta de Centro, deberá presentarse ao Consello de Goberno da USC para a súa ratificación.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira

O presente *Regulamento* entrará en vigor cando sexa aprobado polo Consello de Goberno da USC.

Segunda

Para todo aquilo non recollido de maneira expresa neste *Regulamento* serán de aplicación as disposicións legais e estatutarias vixentes na USC.

Terceira

Corresponde á Xunta de Centro a interpretación do *Regulamento* e o ditado das normas aclaratorias precisas, que en todo caso poderán recorrerse perante o Consello de Goberno da USC.